Premio 2023
de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo
XERAIS

PAPEL DE FIBRA
CERTIFICADA

Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: abstract412 (123RF)

© Universidade de Vigo e dos autores/as dos textos, 2023
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2023
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
http://www.xerais.gal

ISBN: 978-84-1110-403-6
Depósito legal: VG 544-2023

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2023
de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA Universidade de Vigo XERAIS

Limiar

O presente volume recolle os textos seleccionados na XXVII edición dos Premios de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo, cuxa orixe se remonta ao ano 1997. Esta continuidade evidencia a súa boa saúde; ano tras ano, a convocatoria recibe unha moi boa acollida polo conxunto da comunidade universitaria que, de forma entusiasta, prepara a súa correspondente modalidade e agarda con esperanza os resultados. Así, edición a edición, comprobamos como esta senda se vai estabilizando como unha das vías que amosa a sensibilidade dos membros da UVigo polo uso do galego na escrita e, en definitiva, pola nosa cultura.

Por suposto, neste éxito, xunto coas persoas participantes, hai moitos elementos que se volven imprescindibles e que lles dan solidez aos premios. Dun xeito breve, destacamos os seguintes aspectos.

En primeiro lugar, a colaboración incondicional do presidente da Fundación Rosalía de Castro, profesor desta casa, Anxo Angueira, que, nesta ocasión, se encargou de seleccionar as persoas integrantes do xurado: Fran Alonso, director da editorial Xerais, encargada desta publicación; e docentes da UVigo: Rexina Vega, Liliana Valado, Luís

López e Patricia Buxán. Susana Reboreda, vicerreitora de Extensión Universitaria, asumiu o rol de secretaria, con voz pero sen voto. Elas e eles, o día 8 de maio reuníronse, conscientes da súa gran responsabilidade, nun lugar tan emblemático para a nosa lingua como é a casa museo de Rosalía de Castro, coñecida como a Casa da Matanza. Grazas polo voso tempo e rigorosidade na encomenda!

En segundo lugar, tamén resulta fundamental a estreita colaboración entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. Desde hai décadas asinamos un frutífero convenio entre ambas as institucións que alenta o desenvolvemento de actividades tan motivadoras coma esta.

En terceiro lugar, un costume instaurado na Universidade de Vigo, é a acaída coincidencia da entrega deste galardón coa celebración do Día das Letras Galegas, neste ano 2023 dedicado a Francisco Fernández del Riego, primeiro doutor honoris causa pola nosa institución en 1992. O acto centrouse na lembranza dese recoñecemento, o máis excelso que pode outorgar unha universidade. Ademais do día das nosas letras, o 15 de maio conmemoramos o 31 aniversario desa senlleira investidura. A relevante presenza de autoridades académicas e institucionais, así como unha ampla representación da familia de don Paco, fixo máis significativo, se cabe, o recoñecemento público destes premios que inmortalizamos a través desta publicación.

Manuel Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2023 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Luís López Alonso, Rexina Rodríguez Vega, Liliana Valado Fernández, Patricia Buján Otero e Susana Reboreda Morillo como secretaria con voz pero sen voto.

poesía

MENIÑA

Natalia Otero Oubiña

Primeiro premio

MENIÑA

Retratos enrugados con marcas tercas
burlóns espellos

Encubro as canas das horas mortas
As enferruxadas engrenaxes
piden papas ás derradeiras ansias

Hai quen tira das fazulas ata rompelas
Polo fel da bioloxía, amén
tamén tiro delas

Deixas o palco, traidora
avisando, verduga de aplausos

Dende un Candeira sen velas
soporto as falsas Rosalías
comendo das nosas terras
ouveando que son as delas

Eu confirmo, Gil de Biedma
seria, coma a mesma
vida

Tamén ratifico, Vallejo
ata a eternidade
termina

Finca en feble dignidade
adestrada voz
borboriña:

Que vai cantar a meniña?
De gaiteira non tivo nin tempo
Do meu colo pequecha perdida
despréndete, fera!
Fuxe sen medo!

Remenda na biografía
pois non souben eu versar culto
Sutura ti as feridas
con sedas de letras, cantos e puntos.

Con risas de veras
con serios asuntos
Toliña, marchas agora
deixándome soa
cos outros defuntos
Sen ritos cos que velarte
fasme trampas na memoria
Que vés buscar? Aburiño!
Ti que ben podes, perdoa

Á fin na beira do río
facendo augas hai outra
Na codia, desfigurada
no fondo ficando
morta.

KÜBLER-ROSS

Por libre cantei de máis

Por libre ordeno
as ideas
en tercetos

porque tres son dabondo
e nós
somos de estrofas curtas

ti coma goma no zapato
pegada molesta
non sae

anegáchesme o cranio
con po e area
choveu

agora o cerebro
cos carrís cheos de cemento
pesa

ráspolle palabras
coma freba dun óso de cana
pituco nas teclas

fica
descansado
que todos os adeuses son iguais

non admito, iso si, acordes suspendidos
baixa o ton
conta os silencios

finados e desafinados
resolverei
cun dó de peito

Negareite
arrincarei as túas fotos das contraportadas
serás Ninguén

As piritas dos meus ollos
iracundas
cegarante

chantarei a túa miña boca e
rirei co fociño ensanguentado
sacarei o título de preeira

Negociarei
sen pulsos
a Lúa para min

tres ansiolíticos
por unha pinga de dignidade
coa vida podes quedar

leva tamén as máscaras
todas
menos a da boca de góndola

Herdei dun místico a noite nas que estoupo
as estrelas
coma papel de burbullas

vivo
na caixa de Schrödinger
racionando o residuo do alento

facer pé na lama
da marea baixa
Aceptar o noxo

volverei ó futuro
sen ciencias
nin ficcións

nin fórmulas
nin fases

Libre

LEGADO

Mala sepultureira é a memoria
e o seu campo demasiado santo

Camiñar
dándolle couces á terra
e arroupar
de volta o leito
por atopar
falanxes hibernando
vermes en húmido café moído

Quedar coa morte
coma vellas descoñecidas. A morte
só aparece en datas sinaladas
Deixa as almas en lidas

— Ti e mailas túas viaxes… Despois dirás que son eu
[quen te esquivo

Será que aburrimos a eternidade por falta de pecados
orixinais. Cómpre telos en varias cores
non repetir os medio ocres
nos complementos circunstanciais
temporais de segunda man
que proxectan balas de choiva contra as córneas
violentas

Fozar
na cama do destruído
na calma da entropía e
gozar
dun silencio de posguerra. Silencio

Herdeiros da rocha de Sísifo
do anel de Polícrates
e de Rosalía e Manoel
                o Mar
As lentes do revés,
os puños do revés
pola fiestra que dá ó NO pasa a luz
do revés

A través do cristal
un tres de espadas
mata o ás
e deixa as
novas follas sen revirar
Na palma do chan un corpo
acouga
sobre a roupa escachada.

CANDO SOAN AS TROMPETAS

Olivia Lens Priegue

Primeiro accésit

CANDO SOAN AS TROMPETAS

I

Apareces ti

E soa nos meus adentros
o son de mil trompetas
que arroupan a ledicia
e danzan tangos lentos.
Elas soñan soños
de regato claro
e de cálida leña,
elas pensan bonito,
que bonito pensan elas!
Se fose bolboreta,
criatura risoña,
para adornar o teu lenzo
e vestirte de estrelas…
se baixo o meu chapeu
non houbese fría pedra
e se por un momento
tocasen as trompetas,
diríache que te quero
da forma máis fermosa:
pensaríate na noite
e serías Lúa nova.
Es luz inesgotable e fera
que esperta dedaleiras
e aperta xirasoles.

Es luz indescritible,
nin os murmurios de Lorca
nin os aloumiños de Salinas
fan xustiza á túa virtude;
e aínda con todo isto,
non me canso de buscarte.
Inxenua de min…
Non me dera conta de que,
para encontrarte,
o único que debo facer,
é sorrir.

Nun milagre, mirei os teus beizos,
Vibrantes coma tronos,
Brillantes coma lóstregos.
Ollei as túas mans,
vestidas de aneis e de atrezo,
actrices da miña obra
protagonistas do meu contento.
Busquei os teus ollos,
inalcanzables coma o ceo.
Luz de Lúa, cantar das aves,
non sei cando nos veremos!

II

Sinto que te afastas

Teño os pés fríos,
non podo durmir,
ti non estás,
non podo durmir.
Ti non estás,
o cuarto non é o mesmo.
As catro paredes vólvense inmensas,
e agóchome tras elas

impregnándoas da miña esencia,
que tantas veces maldicira.
Agóchome tras elas
buscando os recordos,
coma se de espellos ao pasado se tratasen.
Véxonos.
Aparece o medo.
Asústame que te convertas
nunha lembranza:
De nós só quedará o alento
da Lúa, mar e estrelas,
que nos viron tan felices
naquelas noites vellas.
Que semellaban interminábeis…
ata que remataron.
Non sexamos coma esas noites
nas que os nosos ollos se miraron.
Deixa que no teu corazón
soen pezas de baile,
e ao son das trompetas,
grita que me queres,
que tamén son a mañá e a tarde.

III

Soa coa ausencia

Marchas,
e deixas no teu camiño
un rastro de preguntas
fugaces, xa invisibles,
que cobren o manto co resío.
E ao teu paso negas, co silencio,
a eternidade de noites,
mentres as trompetas,

desafinadas,
rematan de súpeto a festa.
Ninguén danza,
todo o percorre o silencio,
a música só soa na cabeza daquel que quere escoitala.
Quizais nunca soaron as trompetas,
quizais a Lúa non bailou,
quizais ti nunca existises,
quizais eu perdín a razón.

As túas tebras non me asustan,
os meus ollos, aínda que tristes,
acostumáronse á sombra da túa ausencia.
Só temo os monstros,
que, tantos anos desaparecidos
dentro do armario ou baixo a cama,
reaparecen en noites coma estas,
nas que o augurio percorre a ialma,
nas que penso no que podería pasar e non pasa.

AGORA QUE COMEZAMOS A DESPEDIRNOS

Virxilio Rodríguez Vázquez

Segundo accésit

AGORA QUE COMEZAMOS A DESPEDIRNOS

Haberá poesía
en que salvarse?
(Luísa Villalta)

I

A vida é unha sucesión de intermitencias
e ás veces creo que son feliz
desprenderse do mandil
rebeldía

A xanela traspasada pola luz
os paxaros suspendidos nos balcóns
cruza o tempo aquel xardín
coma o ceo cruzan os avións

Ergo a vista e un ronsel
descuberta de ilusións
pasa o tempo sen saber
que soño con paxaros de mar

II

Cando ti me faltes
a voz fáltame
Cando ti me faltes

nada teño
Cando ti me faltes
para que os meus ollos?
Cando ti me faltes
atónito quedo
Cando ti me faltes
non e non e non
Cando ti me faltes
xa non sirvo
Cando ti me faltes
que será de min
senón o frío?

III

Ese día virá
Lévoo pensando
dende hai moito tempo

Ás veces
un pesadelo percorre eléctrico o meu corpo
oprime o tórax
revólveme
ata que acendo a luz

No costume constante do cotián
atopo refuxio
Entón, foxe aquel abismo

Ollo para o reloxo
Ilusión

Ese día
virá

IV

Cando regrese á casa
e ti non esteas
para que falar
quen vai escoitar?

Cando regrese á casa
e ti non esteas
que vou dicir
quen vai sentir?

Cando regrese á casa
e ti non esteas
para quen a verdade
deste longo día?

As palabras orfas
escacharán en anacos no chan
non haberá quen atenda o que diga
ninguén se preocupará

Cando regrese á casa
e ti non esteas
daquela
para que esta voz?

V

Soñar coa verba que
acenda os teus beizos
que poida chegar a falar
coa mesma tenrura coa que me miras
sen facer dano, sen facer dano

Levar ata a túa ollada
os mesmos versos
que en silencio recitas
non estragar o momento memorizado
que non volva o día, que non volva o día

Ficas queda a farfallar noutros códigos
cento vinte milleiros de autos
acompasan os reloxos mentres escribo
porque non sei como dicircho
sen que caian os mundos que invento
sen treboadas e tempos incertos
sen medo de non estar á altura
non estar á altura, á altura de tanta tenrura

VI

Este é o meu poema
un poema que pide silencio
un silencio necesario
supervivente
redentor
libertario
Un silencio antes negado
e que agora demando
porque falta
porque lembro
porque sinto
cando só había
tempo

VII

Soa o teclado
etéreo
vagalumes chimpando
xanela, liño, movemento

Un regato
de auga cristalina
alá embaixo
ole a vendima

No patio danzan as faíscas
a túa man quente
bagazo que pinga
reflexos, cobre, lente

Un carro
metrónomo
o camiño vaise estreitando
e o boi a me mirar aos ollos

No soar
onda o cabaceiro
as cereixas a colgar
na partitura do vento

relato curto

O MARCOS E A CONQUISTA

Fabio Rivas

Primeiro premio

Viñeta de Kiko da Silva para El Correo Gallego
do 4 de novembro de 2022

Chegando á casa do Marcos, que así o chamaban polos seus desexos de expansión territorial, estendíase un inmenso e proveitoso predio propiedade de don Severino. Naqueles tempos de incertezas métricas non se puña valor ás eiras polo tamaño; de feito, ás veces nin por medilas se facía. Tampouco é que importase moito a localización. Preto do mar, ao pé de praia, como din agora, ou na aba dun outeiro. Tanto tiña sempre e cando a terra fose fértil, os bois puidesen chegar ao xugo e o eixe do carro aguantase as sacudidas do camiño.

O que realmente se valoraba era a cantidade de viño que as videiras daban á anada, o lucir dos campos de millo na primavera, a máis dourado mellor, ou a dozura dos froitos que ofrecían as árbores.

E desde o sobrado, apoiado no peitoril das escaleiras, o Marcos admiraba as magnitudes da eira veciña. Toda, toda sementada. As espigas brillaban coas luzadas do sol, os chícharos medraban ás présas por riba do millo, os acios escuros de garnacha nacían ben feitiños, completos e sen froita podrecida. Os pomares, enchidos ata arriba. Que sabor o das laranxas bravas e que tenrura a das mazás camoesas, tan moles e recendentes, que o Marcos apañaba ás agachadas!

—Algún día estas terras han ser miñas –matinou por primeira vez aos catorce anos, en voz baixa e co siso no zume gorentoso dos pexegos escorregándolle polo queixo.

Comezoulle a ir ao xornal a don Severino poucos meses máis tarde, logo de deixar unha escola que tiña abandonada desde que aprendera a xuntar as letras. Ao vello negreiro viñan de lle cortar un pé despois de caerlle enriba unha das súas burras novas, que de tan esfameada non soportou o peso do tirano, e resistiu a dor canto os membros lle permitiron. Xa coa metade das dedas ennegrecidas coma a noite e cos delirios febrís asoballándoo, foi o albeite quen teimou na amputación.

—Ou fanado ou para o pozo, don Severino –dixo o matasáns mentres apalpaba o interior da vaca–. Ou fanado ou para o pozo.

Chegaba setembro e canda el a vendima e a recolleita. E don Severino, que precisaba de man de obra barata para traballarlle os regadíos acugulados, fixo chamar polo mociño que todos os seráns albiscaba as súas terras desde a casa dos Abuín.

—Así que ti es o do xastre –afirmou guindando o bastón adobiado e deixándose caer na cadeira–, o grande.

—Sonlle –respondeu o Marcos, aínda sendo o menor. Non pensaba contradicir o patrón.

Don Severino mandouno xirar sobre si mesmo e dixo, torcendo o bico:

—Tes bo lombo para me traballares. E por riba disque sabes ler e escribir –o Marcos, a quen naqueles tempos aínda lle dicían co nome do pai, asentiu–. Pois agardemos que teñas boa man coa sacha e a estilográfica, que de aquí en diante pouco vas soltar nin unha nin outra.

Acordaron unha cifra para percibir por xeira traballada, tan irrisoria e inxusta coma pobre era o prato de comida que lle daban de diario. Por sorte, na repartición de viño tocáballe canto puidese inxerir, pois é ben sabido por todos, ata pola vileza déspota de don Severino, que o de traballar con sede é cousa de tolemia.

No transcurso de poucos meses as mans do Marcos convertéronse en gadoupas de coiro e os dedos retorcéronselle do mesmo xeito que dobran os bacelos. Aprendeu, é certo, os segredos do barbeito, así como doutras cuestións relativas a sementes e refendas, que mamou de preto dos xornaleiros máis experimentados. De cando en vez, tamén exercía de recadeiro.

Pola outra parte, co devalar das estacións don Severino colleulle aprecio a aquel mociño de cabelo crecho e rostro firme. Por orde expresa do patrón, o Marcos desenvolveuse na arte da notaría e relegou do posto o señor Onorio o dos Cartos (alcume ben acaído polas moedas que sempre lle barullaban no peto), que por vello combatía as cataratas que lle embranqueceran os ollos negros. No que durou a súa preparación, o señor Onorio educouno coma ninguén antes lograra na ciencia das letras e das argucias legais. Fixo del o que din un tipo de proveito.

Pasou un outono e pasou o seguinte, e foi co terceiro verdear daquel magnífico verxel que o Marcos, sempre supervisado e co visto e prace de don Severino, xa tomaba case todas as decisións da facenda. E tardou outra estación máis, coincidindo co abandono das tarefas de campo para dedicarse estritamente aos labores administrativos, en se prometer coa Marita, afillada e protexida, xa que se

trataba da única achegada e, polo tanto, herdeira, de don Severino.

Aquilo de non se quereren foi unha decisión tomada en conxunto que asumiron cun sutil cruzamento de meniñas, frío tal que o xeo, sen reproches nin malos xeitos, no intre en que don Severino lles anunciou o enlace.

Ela, que xa non era tan nena coma o padriño devecía por crer, ardía por quen sabía inalcanzable, e non por distancia, pois desde ben cativos compartían xoguetas e intimidades. O Marcos, en troques, bebía os ventos polo seu nome impreso en contratos notariais; polo seu apelido entre os grandes da bisbarra.

E o matrimonio coa Marita apareceulle coma unha bendición.

—Habedes de me dar quen se ocupe de todo isto cando eu non estea! –ordenou don Severino desde o balcón, abrindo os brazos cara ao seu califato.

«Si, home, si. Máis competencia aínda», pensou o rapaz.

O Marcos xa pensaba que na Administración o esqueceran cando, a piques de facer os dezanove anos, unha mañá lle chegou por correo certificado a convocatoria para incorporarse en filas. Esixíanlle unha presentación inminente nas instancias militares para lle tomaren os talles pensando no futuro uniforme.

Por desgraza para o seu devir, como consecuencia do ingreso no servizo obrigatorio tiveron que paralizar as nupcias durante o tempo que a instrución se delongase e do estado de recruta ascendese á situación de reserva. Don Severino, na súa mocidade e grazas ao cadal do pai, lograra reducir o servizo no exército a cinco meses a cambio de dúas mil pesetas, pero aquilo ao que denominaban «soldado de cuota» fora extinto antes incluso de que o Marcos comezase a andar. Con todo, o patrón coñecía a xente necesaria para asegurarse de que o rapaz non mar-

chase lonxe: o propio día que soubo da nova pasouno co teléfono pegado á orella, alternando as voces das operadoras coas dos altos mandos da armada. Ao cabo, unha chamada durante a bocanoite confirmou que o conseguira: o Marcos realizaría a súa estadía castrense na Escola Naval Militar de Marín, non sen antes pasar dous meses nas instalacións preparatorias de Ferrol.

O día da despedida, xa ben entrado maio, reuníronse os tres baixo o alpendre mentres o taxi agardaba cos frémitos do motor ao ralentí diante do portalón da facenda. Don Severino gardou silencio mentres o rapaz e a súa prometida intercambiaban unhas últimas palabras. Ante a mirada do vello padriño, Marita finxiu dignamente unha saudade que non existía.

—Espera por min –dixo o Marcos–. Regresarei decontado para que por fin sexas miña.

—Aquí me terás o día que volvas –respondeu ela, abatida. Agora os sentimentos eran sinceros. Aquilo de se converter en propiedade dun descoñecido mortificábaa coma espiñas cravadas no medio do peito.

Pero Marita, ilusa, non era consciente de que en realidade os desexos do Marcos se dirixían por enriba dos seus ombreiros, onde el ollaba deseguido.

Desde a súa posición, detrás da moza refulxían as terras de don Severino cun aspecto glorioso. No lugar máis afastado, as vides eran unha infinita saba púrpura ergueita sobre pés de granito e, tras elas, os cachotes do muro que limitaban o terreo, xusto onde comezaba a casiña familiar do Marcos, brillaban como acabados de colocar. As árbores froiteiras semellaban competir por ver cal era quen de producir as pezas máis grandes; cando a brisa amainaba, podíase intuír a discusión entre as nespereiras e os limoeiros. Os reflexos intermitentes do sol sobre o invernadoiro case permitían distinguir un mar vermello formado por centos de tomates. Tan lonxe, o Marcos incluso parecía

capaz de enxergar con detalle os casulos verdísimos dos chícharos, avultados coma pequenos ventres paridoiros.

Así como a parella se bicou nas meixelas, don Severino descargou no Marcos unha aperta chea de esperanza para a súa liñaxe. O home sabía que con el morrería o seu apelido mais, en cambio, confiaba en que nese casamento se albergaría o futuro de todo o construído polos seus devanceiros. Xa que el non fora merecedor de continuar coa estirpe, consideraba xusto que o fixese alguén con tanta ambición coma a que emanaba das glándulas do Marcos. Observando como se afastaba paseniño, cavilou en que a primeira vez que o tivo en fronte, sendo máis nada ca un neno, percibira nel o seu propio cheiro.

—E cóidate das duchas comunais, que aínda vas coller algo! –engadiu.

Ao traspasar o enreixado, o Marcos atopou o taxista adormecido sobre o poio da entrada. Berroulle para que acordase e inmediatamente o condutor foi gardar a equipaxe no maleteiro. O Marcos aproveitou eses segundos para elevarse ascendendo os tres pasos do cruceiro e botou unha última ollada cara ás dúas vigorosas palmeiras que custodiaban a fachada da casona. Encheu os pulmóns e aguantou o aire erguendo a testa, deténdose na figura que coroaba o cruceiro: unha Piedade. Axiña chegaría o día en que el sostivese esas terras como a Virxe sostiña en brazos o fillo sacrificado.

Xa arrancara o coche cando lembrou que nin sequera lle dixera adeus a seu pai.

Tamén é certo que non sabía que nunca máis o volvería ver.

No cuartel de Ferrol, logo dun recoñecemento médico que aprobou moi ao seu pesar, amigou decontado con outro quinto, Gaspar, disque natural de Agolada. Da primeira parola que mantiveron, deitados en cadanseus

catres do cuarto común, o Marcos concluíu que o paisano era bobo e tatabexo a partes iguais. Así e todo, o camarada desveloulle enseguida o motivo dese estado de estupor: o médico acababa de cortarlle o freo.

—Así, sen me anestesiar nin hostias –dixo, coa voz tremelicante–. «Un trago largo de tostada y aguante usted la respiración», e aí o foi tallarme na pistola cunha coiteliña de afeitar.

Durante o adestramento da mañá, co toque de diana, o Marcos fixouse en que o rapaz corría coas pernas encurvadas ao xeito dos xinetes. Desde ese día pensaba nel como o «cabaleiro».

E o cabaleiro foi o único que viu chorar o Marcos cando a semana previa á xura de bandeira lle comunicaron a morte de seu pai. Non foron bágoas instantáneas, desas que agroman no momento da noticia, xa que en canto soubo a nova, arrombou un macuto cun par de mudas e colleu o primeiro coche de liña que o achegaba á aldea.

A choremia apreixouno máis tarde, unha vez de regreso en Ferrol e xa co pai descansando no nicho. Gaspar sentiu os saloucos, un ballón de sentimentos, durante varias noites desde o seu leito. Moito debía querer o finado.

En cambio, «o moi cacholán morreume antes de facer o testamento!» era o que verdadeiramente reverberaba nos miolos do Marcos.

Na conmemoración da Virxe do Carme, patroa do mar, o desfile da xura transcorreu sen incidencias. As nove brigadas formaron nove ringleiras de recrutas e, segundo ensaiaran, foron acudindo de forma individual a beixar a bandeira. Cando chegou a quenda do Marcos, o rapaz bicouna coa inercia de quen bica a terra ao caer. Tan só o animaba saber que apenas lle restaban dezaoito meses para a volta.

Comezou as primeiras xornadas cunha actitude aflixida pero, antes de se decatar, a disciplina imposta conseguiu

que se centrase de novo. A dicir verdade, sentíase cómodo na Escola Naval. Recibía eloxios dos altos rangos decote: antes de soar o himno, el xa estaba listo para formar co brazo en alto. Sempre disposto a todo, acataba as ordes e obedecíaas con excelencia e vigor. Acaíanlle ben os traballos laboriosos. Dunha volta, o coronel Bejarano, un home da estepa manchega que tan só el sabe como acabou en Marín, auguroulle un futuro vizoso no cadro do exército, sempre e cando mantivese ese nivel de autoesixencia e cumprimento. Pero o Marcos, aínda que ese protagonismo lle era do seu agrado, cada vez que pechaba os ollos daba ulido as terras que o agardaban a un par de horas de coche.

Malia a proximidade, rexeitou empregar os días de permiso co fin de evitar a nostalxia dunha nova partida. Para combateren a monotonía do traballo e dos naipes, Gaspar e mais el procuraron un método de distracción alleo á contorna militar. Non lles custou demasiado encontrar o momento oportuno, coa bocanoite, para escaparen do recinto carcerario. Dúas ou tres veces por semana, no peirao apoderábanse dunha gamela con nome de estrela e remaban e remaban ata o lado oposto da ría. En Combarro, abeiradas na praia da Chousa, dúas rapazas esperaban por eles ollando o horizonte noitébrego. Así correron os meses.

O único contacto que mantiña coa facenda tiña lugar na correspondencia que don Severino enviaba e el respondía regularmente. Pero a véspera a ser nomeado mariñeiro de primeira e liquidar así o servizo, o Marcos afeitábase intranquilo. As cartas do patrón deixaran de chegar no décimo quinto mes. Non sabía o que ía atopar fóra. Pasaríalle algo a don Severino? Atoparía unha mellor opción para desposar a afillada? Se cadra, alguén coas obrigas marciais ao día? Talvez alguén con cartos? Tantas posibilidades, tanta incerteza.

As respostas non demoraron en saír á luz. En baixando a congostra que daba ao pazo, a ama de chaves, sen miralo directamente á cara, díxolle que a seguise.

—Agárdate o señor.

Calquera diría que o conducía ao cadafalso. E para o Marcos non foi menos. Don Severino, derrubado na poltrona do seu despacho, mostraba unha decadencia inhumana. Adelgazara de tal modo que a pel se lle pegaba aos ósos coma un corpiño minúsculo. O rostro era unha caveira onde os ollos se fundían máis e máis. En ano e medio envellecera toda unha vida.

—Senta canda min, neno, debemos falar –comezou don Severino.

—Onde vai a Marita? –preguntoulle.

—Verás –acendeu un cigarro e apoiouno no cinseiro de cristal–. Marita é indigna de ti. Mentres te esfolabas cumprindo o teu deber coa patria, ela deshonroute. Deitouse con outro home.

O Marcos, comprobando como o seu futuro se esgazaba tal que roupa para trapos, apurou en retrucar.

—Non importa. Eu tamén coñecín outras mulleres, saberei perdoala.

—Ti xa es un home, neno. Tes as túas necesidades. Ela, en cambio, traizooute. Vivirá no pecado xunta o fillo que agarda. Os dous están condenados a pasar a súa vida coas clarisas.

O sangue todo ascendeulle ata a cabeza. A respiración cortábaselle. Quería golpear a mesa ata que as mans lle estoupasen. De súpeto, don Severino sacou dun caixón un feixe de billetes e tendeullos.

—Non hai cartos no mundo para pagar os males que che causei ao comprometerte con ela. Sei canto a querías. Agora pídoche que marches e non volvas nunca. Vexo a miña sobriña en ti e iso magóame.

—Farei coma se nada acontecese –pregou–. Coidarei da criaturiña coma se fose miña. Non poderei vivir sen a Marita, señor!

Co abaneo das mans de don Severino, o Marcos soubo que non había método ningún para que recuase. A promesa que fixera en tempos xa moi antigos parecía delongarse máis e máis e máis.

Aceptou os cartos e apenas necesitou desprazarse ata a casa familiar, onde agora vivían o irmán maior e a muller. Actuou o Marcos dun xeito breve e conciso, case que ameazante: quería o correspondente á súa parte da casa. Pero o irmán, imaxinando a ocasión en que isto acontecese, máis nada lle tiña preparado unha lexítima miserenta. Non posuía os folgos para reclamar unha cantidade maior. Termou forte da maleta e dirixiuse paseniño á marquesiña. Nin el era coñecedor do lugar ao que se dirixiría.

«Pero algún día estas terras serán miñas».

E, a pesar de todo, o Marcos non erraba no seu augurio.

Durante a temporada en Marín, o compañeiro Gaspar confesáralle que case o chegaran a tomar por prófugo, que un pouco máis e en lugar da Escola Naval acaba no caldeiro. Resulta que cando entregaron na súa casa o aviso para acudir ao exército, o rapaz atopábase en Suíza facendo cartos na construción. Así e todo, os familiares non tiñan xeito ningún para se comunicaren con el e, por cousa de meigas, cadrou que retornou a Agolada por Pascua, a punto de caducar o tempo de cortesía.

Seguindo os seus pasos, o Marcos aterrou en Alsacia cos ollos coma globos e náuseas constantes. Aló recolleuno o propio Gaspar, e no seu vehículo atravesaron a fronteira francesa ata Basilea. Gaspar acolleuno coma un irmán, proporcionoulle muda limpa e mesmo se ofreceu para axudalo a atopar traballo. Pero o Marcos tiña outras cousas no siso. Sabía o que era ficar ás ordes doutros e

tamén o que era ser quen as dá; a súa preferencia, obvia. O único modo de conseguilo pasaba por estudar. Axilmente aprendeu o alemán da zona e para pagar a matrícula do primeiro ano de universidade, por moito que Gaspar colaborara cuns francos que non lle sobraban, empeñou ata os zapatos herdados. Formouse para avogado cun dos mellores expedientes da promoción, o cal facilitou as bolsas coas que continuou a licenciatura, e exerceu como conselleiro para empresas ata que acumulou os cartos suficientes para formar unha de seu.

O seu percorrido pola vida foi triunfal e triste a partes iguais. Enriqueceu tanto que se converteu nunha das figuras máis podentes da cidade grazas á metalurxia, pero aínda máis cando se decatou de que os cartos todos estaban nas minas de estaño. Nin casou nin tivo descendencia, imitando o exemplo do seu antigo mentor. Nunca amou a ninguén: o único que desexaba estaba a centos e centos de quilómetros do país en que cambaleou a inmensa parte da súa existencia.

O día que mercou o pazo sentiuse pletórico por primeira vez en moito tempo. O cruceiro seguía inconmensurable na posición que recordaba, mais a carriza comíao desde o pé. Das dúas palmeiras sentinelas restaba o tronco enfermo de bicudo vermello. Tapiaran as ventás frontais con listóns de madeira.

O Marcos abriu a porta e encamiñouse directo á eira, sen reparar no estado deplorable do interior da vivenda. Había moitos anos que alí non se sementaba. Vivía un barbeito perenne. Todo era terra e area e un vento tan forte que erguía e martelaba o plástico rachado do invernadoiro. Aquel predio xa non cheiraba coma antes, a leira envellecera canda el. As árbores froiteiras foran talladas; algúns tocos mantíñanse chantados agardando a inmundicia. Fixo viseira cunha man e observou que, ao lonxe, nunha maceira que persistira en pé os estragos

do tempo, penduraba unha froita. Despois de apañala, cuspiu en voz alta:

—Xa me pertences.

Encetouna cunha mordida tan ampla que as súas moas, escasas e puídas, non deron co labor de esmagar a carne. O bolo acomodouse na gorxa, case que coma unha vinganza. Non tardou un minuto en morrer afogado.

Soterrárono no nicho familiar, e, unha vez xa no acubillo eterno coa poeirenta compañía de seu pai, dixo:

—Ai, paiciño, canto te quixen e canto te quero, pero estasme a ocupar o espazo.

E soprou e soprou e soprou e soprou, ata que aquelas cinzas traspasaron os marcos do seu territorio e achou así a súa derradeira conquista.

A POSUÍDA

Allison Eudoxia Iglesias Alonso

Primeiro accésit

—Sabnac.

Pasou as unllas mordidas pola caixa de antibióticos.

—Solas.

Era amarelento e feo, coma o amarelo dos dentes podres que adoitaban moverse sobre a súa face; como ela imaxinaba as bacterias que tiña dentro; coma a urina infecta da que agora tiña que desfacerse.

—Shax.

E, sen máis, afundiu dúas das unllas dentro da caixa amarela e sacou o boteciño. Abriuno cos seus dedos coma agullas e cheirou o po de dentro, os seus actos máis animais coa moza, máis puta ca a alma, a súa nena, a súa princesa, a súa virxe…

—Seire.

Mesturou o po coa auga que deixara no escritorio. Cruzou os brazos e mantivo os ollos negros no espello.

—Separ.

O dormitorio pareceu tremer mentres Alma remexía o líquido coa culleriña prateada. Soltouna na mesa sen maiores cerimonias e contou as gotas transparentes, vítreas, que caeran na madeira. Estaría preñada? Faríallo comer. Aguantaríao, o becho. Quedaría con el. Levaríao dentro nove insoportábeis meses só para facerllo tragar. Santo varón, ía destruílo.

—Belet, Baal, Belial, Buné, Balam, Belcebú.

Mentres levaba o vaso á boca, apertaba unha coxa contra outra con suficiente forza como para mancarse. Tiña a cona en carne viva. Se apertaba, polo menos non tiña que correr ao váter cada dez segundos, soamente cada trinta.

O líquido sabía a pos de talco doces e xa lle baixaba pola gorxa. Aliviada, visualizouno formándolle unha charca balsámica no estómago. Rebentou o vaso contra o chan, eufórica, e agarrou os lados da mesa. No espello, Alma mirou para o seu reflexo e botouse cara adiante.

—Paimón, Valac, Asmodeus, Vassago, Astaroth!

Fóra, os nenos que xogaban na beirarrúa pararon de berrar. O caniche dos veciños deixou de ladrar. O sol agochouse detrás das nubes. Alma seguía a mirarse, acesa coma unha candea. Non era xeitosa, non era amábel, e tiña o corpo duro e seco, e cando medrou así, calada e simple de formas, celebrouno. Eles dicían que as rapazas ás que lles pasaba o pedían. Dicían que había corpos máis vítimas ca outros. Sufocou unha arcada. O xuíz dixérao, que algunhas mozas o pedían. Tamén os amigos do seu pai, que había nenas con moito perigo. E Alma rezou por medrar anódina para non ser violada. Porque supuxo –de acordo cos homes– que aquilo resolvería o problema. Sorriulle ao espello tríptico coa boca fanada. Agora pensaba moi diferente. E pensaba todo o tempo.

Bisbou unha ladaíña en arameo mentres colocaba os dentes nun círculo, as moas primeiro. E logo, cando a uretra lle empezou a arder ben forte de novo, aproveitou para arrincar a derradeira das unllas cos alicates. Prestou atención á estática constante do salón. Todo en orde. Xa nada a facía gritar. Arqueouse bruscamente contra a mesa, apertando os dedos dos pés. Un suave gruñido. Xa pasou. Meteu as unllas arrincadas no seu pequeno *stonehenge* e regouno co sangue da súa propia gorxa, porque xa nada podía mancala, tanto tiña.

A continuación, soltou a navalla sobre a mesa e agardou. Sabía que o ritual non fallaría esta vez.

Estaban achegándose. Ordenáronlle que lles dixese quen era e, como sabía que non era o seu estúpido nome detrás do que andaban, Alma soltou o moño que sempre levaba

na caluga. O espeso cabelo rubio desfíxoselle en ondas e caeulle ata os xeonllos. Ninguén llo vira solto dende que cumprira cinco anos. Ninguén, agás el. E Alma, dorida e a piques de berrar de espanto, mantívose na cadeira e contemplouno.

Contemplou o veo ardente que percorría a súa figura, cubrindo os bordos da cadeira, mentres o sangue lle descendía pola gorxa, un géyser de pingas e coágulos, rubís e obsidianas. A luz de gas baixaba plúmbea polas paredes e afogaba todo o vermello do espello, aquela ferida aberta, purulenta, no centro do cuarto. Alma seguía contemplando, buscando unha resposta á súa identidade, e aquela úlcera do espello devolveulle a mirada, abríaselle dentro do peito e batía co seu corazón. Agora toda ela estaba en carne viva. Pestanexou amodo ante aquela mutilación monstruosa e botouse para atrás, aletargada e compracida.

—Son o voso pesadelo.

E todas elas deron un paso dende as sombras, cara a Alma, o pesadelo. Mouchos, asnos, sapos e touros abanearon e mudaron coa luz, unha transfiguración infernal ás súas costas. O pesadelo rexistrou cada movemento, parapetada no seu asento, no centro do espello, e analizou os trazos daqueles demos con face feminina, aquelas bestas saídas do mar, coas súas revelacións.

Mulleres á esquerda, mulleres á dereita, as lilitu xa abriran as bocas interminábeis nun silencio abafador, como o que a mente oe nos sonos. Ao seu arredor trababan no ar e retorcían as linguas coma serpes. Os seus cairos eran tan grandes que nin ollos tiñan. Longas poutas, marcadas e torturadas, ían arrástrandose cara ao pesadelo, tocando os seus cabelos vermellos. As cruentas bocas semellaron cheirala.

As bestas axeonlláronse arredor da cadeira de vimbia. Decenas de linguas lamberon o sangue do seu peito, decenas de unllas penetraron na gorxa aberta.

—Quen é esta criatura que non morre? Quen é este anaco de carne, ciclópea coma a mesma Terra, tan alta coma o ceo? Oh, os horrores que entrarán en ti! Dinos, nai abominábel, ficarei no teu seo? Que bicar primeiro?

Baal, a segunda na caída, a das patas de araña, bisbou con voz rouca:

—Pesadelo, déixanos entrar e en ti faremos os nosos prodixios.

Os tres pesadelos do espello abriron os brazos de arame e esgarros sanguentos saltaron das gargalladas das súas bocas:

—Amén!

Abaixo, o vello pai alongou o pescozo cara ao teito:

—Que carallo fai esta agora?

* * *

Unha moza problemática, dende logo. O pai e mais o xuíz avisárano e os informes psiquiátricos confirmáranllo. Era un caso de manual. Unha rapariga que alucinara media infancia e queimara todos os cartuchos na adolescencia, traumatizada polo divorcio dos pais, e cunha familia de enfermos mentais ás costas. A xente toleaba por cada parvada! Nenas chaladas houbéraas toda a vida. Eran as hormonas. Tanta autolesión, tanto Instagram e tanta carallada…

—Lémbrame que chame ao colexio ás sete, anda.

A secretaria asentiu e colocou dilixente un novo post-it na pantalla do ordenador. O doutor Deus tiña a cita a en punto, pero supuxo que non lle levaría moito. Soamente era a primeira toma de contacto. O pai de Alma xa lle comentara todo o que había que comentar. A nena andaba por aí subíndose a canto nabo atopaba para desgustar

o pai e, ao final, varias cistites das malas e mais un aborto acabaran provocándolle un gromo.

Adoitaba choromicar porque dicía estar rota por dentro e agora andaba con que non, que era o mundo enteiro o que estaba dentro dela. Igual ese era o problema, que deixara demasiada xente aí. Ultimamente pasaba o día ruxindo, rebolando coitelos, cuspindo e ameazando. A nai negárase a collerlle o teléfono, así que para Deus todo quedaba bastante claro.

«Que perigo tes, máquina…».

Deus ergueu a cabeza co cello engurrado. Había unha xonqui na porta do ástrago, toda vestida de negro.

—Imos ou que?

A xonqui, esquelética, xirou nos talóns e encamiñouse cara ao despacho de Deus. Unha longuísima melena vermella batíalle contra as pernas ao moverse. A secretaria mirou para o doutor, pálida coma a morte, e fixo o aceno de coller o teléfono.

—Son a moza problemática da que lle falou o xuíz. Imos ou non?

Deus mirouna apartar o gardapó negro dun ombro e sentar tan longa como era na cadeira de brazos dos pacientes. Dándolle as costas, botou un pé sobre a coxa esquerda e quedou alí coma se pagase ela as facturas. Alí soa, na escuridade. Queda e sen cara. E parecéralle tan escuálida, con aquelas olleiras tenebrosas, que Deus se preguntou se aínda respiraría.

«Máis quixeras, puta. Esta cona xa non está quente».

O doutor botouse para atrás.

—Es ti a miña nova paciente?

A testa rubia xirouse con brusquidade:

—Si, doutor, son Alma. Axúdeme, axúdeme, ou cortareime e colgareino no Instagram! –a cara horrenda, toda mazada, sorriulle cos dentes partidos–. Non é iso o que facemos todas?

Deus, encirrado polo grito da secretaria, apresurouse cara ao despacho e pechou a porta. Alma miraba ao seu arredor, coma se el non estivese. Logo, devagar, moveu os ollos negrísimos das enciclopedias aos diplomas da parede norte, dos diplomas á fiestra de detrás do escritorio á alfombra de baixo os seus pés. Non disimulou a curiosidade, pero o seu rostro permaneceu igualmente impasíbel.

Había calor nas paredes; o pesadelo podía velo. O cuarto era cadrado e pequeno, dunha cor ocre que se desprendía dende a araña ata o zócolo de carballo, e o matasáns tiña un deses protectores de coiro sobre o escritorio, cunha cunca de café sucia e fedorenta. Había cadernos abertos escagallados uns enriba dos outros, un deles a piques de caer dunha das beiras da mesa, e varios bolígrafos descapuchados ao carón do portátil. Sabnac falou dentro dela. «Merda, vaia porco… Nin ti tes así a cabeza, eh, ruliña?». O pesadelo riu, pero, coidadosa, levou a man á boca.

Claramente tiña dificultade para controlar os impulsos. Deus, xa sentado na súa cadeira de coiro, preocupouse de apuntalo no caderno que tiña á esquerda. A moza tiña peor aspecto do que el percibira ao entrar. De preto, a súa cara estaba á vez consumida e inchada, coma se alguén batese nela e a matase de fame ao mesmo tempo.

«Mira para aí: non é tan imbécil como pensabamos», soltou Baal, pero o pesadelo apertou os pés contra o chan para conterse. Aínda non era o momento. Ademais, a alfombra estaba moi branda e subíalle certo cheiro a mofo e a carne. Coas pálpebras baixadas, coma se durmise, o pesadelo estudou o material de debaixo das botas, marrón escuro e tenro. O matasáns tusiu para disimular e ela topou cunha das fotos do escritorio ao levantar a mirada. O tal Deus posaba suxeitando un rifle cun grupo de amigos, chantando un xeonllo diante dun oso morto. Ao seu arredor, a fraga e o sol.

—Por que viñeches hoxe aquí, Alma?

—Porque estou posuída –anunciou a moza cravándolle os ollos acibeche–. Polo demo.

O doutor quedou moi teso sobre a cadeira de coiro. «Trastorno antisocial? Unha desorde psicótica? Esta xente…». A tal Alma miraba para el con toda a tranquilidade do mundo. Non, tiña que estar de chufa. A versión oficial, dende logo, era que o xuíz ordenara facerlle unha avaliación psiquiátrica para decidir a custodia no divorcio dos seus pais, un asunto complexo, por outro lado. Complexo, dicía. O pai case rebentara a nai a golpes.

«Corta ese fillo de puta, pesadelo!», berrou Astaroth baténdolle no corazón dende dentro.

«Cúspelle, quéimao!». «Mételle ese trofeo de rugby polo cu!», bramou Belet. O pesadelo tivo que cravar as unllas nos repousabrazos.

—Entendo. Refíreste a literalmente? –preguntoulle Deus coa súa voz máis comprensiva.

A moza asentiu lentamente cos brazos cruzados sobre o peito e ben gorecida no seu gardapó negro. Colgáballe dos ombros afiados coma un sudario, como algo imposto. Inclinou o pescozo sen apartar os ollos del, os ollos desafiantes pero afundidos nunha tristura insoportábel, e Deus, alarmado, refuxiouse nos seus apuntamentos ao distinguir a clavícula sobresaíndolle, perfectamente redonda, e os ósos do peito marcándoselle ao respirar. Merda, esas crías poñíanse a dieta e xa non sabían cando parar. Apuntou que polo momento non había nada nela que semellase indicar un ataque de pánico. En realidade, mostrábase tan centrada coma calquera persoa normal. Non normal, claro; sa, quería dicir sa.

—Literalmente, si.

Deus forzouse a non escribir nada precipitado. Talvez isto nin sequera estivese relacionado co que fora o seu trastorno; talvez soamente intentara asustalo ou chamar a súa atención. En canto ao rostro, mantíñase impertérrita.

—Entendo. E por que cres que estás posuída polo demo?

Alma rodou os ollos; o seu primeiro xesto espontáneo.

—Non o creo. Estou. Non me escoita! –protestou.

Ficaron os dous moi quedos, como petrificados polo malentendido. Pero o pesadelo sabíao. Ela e a súa lexión xa sopesaran todos os tomos da librería que había á súa esquerda: *A psicoloxía tras* Mein Kampf; *Trauma e holocausto*, *A represión e o réxime franquista*. Valac, coa súa voz sibilante, reveláralle o vaso de rocas situado detrás do frasco de colonia na esquina, xusto ao lado das cortinas granates. «Míraos, pesadelo, miña amada, as medallas e os trofeos de rugby. Míraos, escoita a serpe». E o pesadelo escoitou, botándose para atrás cun longo suspiro de fastío.

Deus decidiu recuar, porque o último que necesitaba era que unha paciente nova se lle anoxase nada máis empezar. Alma miraba para os pés cando non lle falaban e o único indicio de nerviosismo eran as unllas trabadas. Polo demais, fóra do normal só estaba a súa cabeleira, tan rubia e longa coma a dunha muller bíblica. Non había nada máis destacábel nela. Non era xeitosa tampouco, e todo nos seus trazos era anódino. Unha moza en branco.

—Entendo, descúlpame. Daquela que che fai pensar que o estás? Que notas? –preguntoulle do mesmo xeito ca un pediatra a un neno arrefriado.

Aí Alma empezou a tomalo en serio. Quedou claro que sería unha desas pacientes ás que había que levarlle a corrente ata o primeiro absurdo lóxico. A moza púxose algo máis dereita e cruzou as pernas. De súpeto parecía totalmente inofensiva.

—Oio cousas cando cae a noite.

—Que cousas?

Engruñou os ombreiros.

—Non son voces. Sei o que vai dicir, e non oio voces. Fálanme de verdade.

—Dende logo. Continúa.

—Déitome na cama e quedo de costas á parede… Sempre quedo de costas á parede porque prefiro mirar cara á porta.

—E iso por que?

Alma encolleu de novo os ombreiros.

—Non sei. Só o fago… dende pequena –tragou saliva con violencia e as bágoas desapareceron–. Pois iso… que teño que quedar de costas á parede porque a porta está diante. E de súpeto empezo a escoitar. E non está na miña cabeza –insistiu–. Teño unha amiga que se medica polas voces, e describiumas. Ela sabe moitas veces que están dentro, non fóra, pero non as pode calar. Pero eu si sei que están fóra –sorriu e Deus, repugnado, fixouse en que lle faltaban polo menos tres dentes–. E non quero que calen. Cáenme ben.

—Si, hai persoas con diferentes tipos de esquizofrenia que, por exemplo, poden distinguir o foco da voz –e a moi… filla de puta bocexoulle na cara–. Ben… Entón, ti estás segura de que vén de fóra?

—Así é.

—De detrás de ti?

—Si… –Alma pechou os ollos un instante para recordar e levantou a man contra o oído, como xesticulando cara a algo difuso. Era a súa amada, dicíanlle que era a súa amada, a de todas elas–. Ás veces podo ata sentir os beizos na orella. E sempre bisban.

—Bisban?

—Si, veñen en hordas –fixo un espavento circular coa man, reiterándose–. Moitas voces falando á vez, xa sabe. Case nunca as distinguía, pero de súpeto, unha tarde, puxéronse a dicir todas o mesmo e aí si que as entendín, por fin.

—Que dicían?

O pesadelo ergueu a testa e acomodouse na cadeira coma nun trono. De esguello, viu os longos guechos que

lle caían a cada lado das coxas. Pobre homiño. Cousiña agoreira que lle presentaba arrogante aquelas imaxes sagradas –a caza, a tortura, a morte– que cubriran o mundo enteiro. Non ía coñecer os seus profundos segredos. Satán, ansiosa, pateoulle a cara para que reaccionase, agoniada e fóra de si co odio, e a mandíbula do pesadelo partiuse nun ángulo antinatural. Deus pegou un chimpo.

—Iso non é importante –soltou con brusquidade.

Estaba claro que por esa vía había algo. A puta rariña.

—Como que non? Que cousas din?

—Cousas de demos! Que importa? Teralo vostede escoitado en calquera peli de terror! –dixo, facendo tremer a mesa dun golpe coa man–. O tema é que me falan, e claramente non son persoas… E teño máis cousas.

Deus non puido evitar sentir algo de tenrura pola rapaza, tan decidida en probar a súa propia obsesión que estaba disposta a recitarlle síntomas e clixés coma nun exame. Era, porén, por completo indiferente aos seus propios sentimentos, se a face ruín e os ollos opacos eran algún indicador. Deus intentábao unha e outra vez pero sempre acababa agachando a mirada ante aqueles foxos negros. Infestados de cadáveres, homiño. Infestados, si, ata arriba de cadáveres. Chégache o cheiro, homiño? Si, era horríbel, debía de ser o whisky. Quería agochalo antes da sesión, pero… Víao aí pendurado cada vez que pechaba os ollos, aquelas perniñas bambeando… Tiña razón o pesadelo; necesitaba un grolo.

—Doutor –a máscara osuda floreceu, coma unha cara humana, e crebouse nun gran sorriso–. Non se ten que xustificar. Entendémolo.

—De acordo… –o ar estancóuselle nos pulmóns; sentía o sangue nos oídos–. Que?

Por un momento, a propia Alma mostrouse insegura, buscando coa mirada algún recuncho baleiro no que poder acougar a súa propia hiperactividade. Pero as

paredes eran ocres, cálidas, e ela respiraba axitada. E el entendeuna. Miráronse de novo. Só o sopro do vento os rodeaba.

O pesadelo viu que Deus aínda non estaba listo, así que lle pediu a Satán que lle axudase a mentir. Botouse cara adiante, cun cóbado sobre a perna cruzada, e deixou que a súa face fermosa, transcendente, se distendese ante Deus. Non vía que estaba asustada? Non vía que o necesitaba?

—Son unha paciente. Non ten por que explicarme os seus métodos.

Agora estaba avergoñado, notando como o respaldo de coiro lle quedaba demasiado grande. Tragou saliva.

—… Perdón?

Alma sorriu de novo. A súa mandíbula estaba ben.

—Dicíalle que ás veces me dan ganas de beber. Do molestas que son as voces.

Apuntalo, tiña que apuntalo. Non mirar para ela, soamente apuntar o que dixera. Ese era o seu traballo, non acovardarse coma unha nena. Aquela tardiña déralle un par de grolos longos ao whisky e a luz estaba a xogarlle malas pasadas. Rascou a gorxa.

—E dicías que tes máis cousas?

—Xa sabe. Todos eses sinais que a Igrexa mira para asegurarse de que alguén está posuído. Esas voces dinme onde hai cousas agochadas: cartos, lambetadas, droga… –desfíxose nunha gargallada estridente e Deus fantasiou con que lle daba unha boa labazada… que? Alma interrompeu a risa, cravándolle esa mirada negra no cerebro–. Pero non como tampouco –soltou de golpe–. E teño fame todo o tempo, pero as bestas que levo dentro non me deixan comer.

Deus endereitou os ombreiros e deixou devagar os apuntamentos a un lado. Tiña que facelo. Claramente, a rapaza estaba desnutrida; daba denteira vela. «Queres ver algo bonito, guapo?», rosmou Seir. «Puta, apóstata,

asasino!». Alma, para horror de Deus, tiña as puntas dos dedos escuras, e había algo nesa cara, unha especie de cansazo opaco, un trazo que o psiquiatra recoñecía á primeira nas faces deprimidas.

—Por que non che deixan comer?

—Teño algo importante que facer. Non se come mentres non estea rematado. As bestas traballan famentas.

Deus cría que enganaba a alguén co seu trémulo aceno.

—Ten lóxica! Ben, que máis?

Pero Alma distraérase de novo e abesouraba un dos andeis que había detrás de Deus. Algo lle chamara a atención porque estaba rabuñando os repousabrazos da cadeira. Fose o que for aquilo, mirábao coa boca aberta de par en par e a Deus non lle pareceu boa idea xirarse para descubrilo.

—Alma…

A rapaza arrastrou os ollos mortos na súa dirección, como non moi convencida de recoñecelo. Mirouno fixamente un segundo máis do apropiado con aqueles foxos inmundos e estalou a lingua. Ao momento volveu á normalidade, pero Deus xa se sentía condenado.

—Como?

—Que máis?

—A ver… –mirou cara a un lado e botouse a rir–. Oh, si! –dixo máis animada–. O outro día paseaba preto da catedral… Pero, en canto vin aquel puto cura alí arriba, ao momento caín ao chan e empecei a vomitar. Saíume sangue e todo! Deille en toda a cara! Coma el a aquela muller!

Vaia tola desequilibrada. Paranoica. Non coñecía aquel cura de nada. De todos os xeitos, Deus encargouse de apuntar o ataque. Esa nena xa lle estaba tocando o carallo. Aquilo parecía unha cámara oculta.

—Entendo.

Detívose a valorar a posibilidade, aínda moi fráxil, de que estivese diante dunha personalidade antisocial, pero

Deus dubidaba moito de que as aparencias fosen importantes nese caso. Intento de volver ao camiño da lóxica.

—E non fuches ao médico?

A cara de Alma descompúxose cunha contracción súbita, cada un dos seus trazos semellou desfacerse. Os mortais ían ao médico. Ela era o pesadelo, a devoradora de almas, dicíanlle as súas amadas. Ela recompuxérase despois de que o seu pai lle esnaquizase e lle infectase cada orificio do corpo, lle arrincase os dentes e as unllas, a súa man firme atravesase as veas e os tendóns do seu propio pescozo, polo que hordas de milagrosas inmundicias entraran. E seguía viva, porque o horror xamais morría. E o tal Deus, cos seus amigos cazadores, fratricidas, cos seus trofeos de heroe olímpico e o seu corpiño vido a menos, ese obseso de monstruosas batallas nas que nunca estivera, ía de cabeza ao inferno.

—Serviulle iso ao tolo do teu fillo? –espetou.

Era a voz de Miriam! A voz da súa exmuller saía da cara deformada daquela candonga, que riu e riu coa cabeza botada para atrás ata que o pescozo lle triscou. Deus ergueuse e losqueouna ata que perdeu o sentido. Revolveuse no asento ante semellante fantasía e a noxenta sorriu dende a cadeira coma se lle lese a mente.

—Viches? Tamén sei falar con outras voces.

O psiquiatra quitou as lentes e púxoas sobre a mesa. Alma seguiu o aceno inmóbil.

—Bo truco. O teu pai coñece a miña ex. Por que non fuches ao médico, Alma?

De que maneira alporizada se agarraban algúns á razón. De verdade había idiotas aos que non lles gustaba ter medo? O pesadelo optou por responderlle moi amodo, convencida de que falaba cun tonto de campionato.

—Por iso vin aquí –dixo alongando a derradeira sílaba—. E logo vostede non é médico?

—Non desa clase.

—Da clase ideal! Pode ver se estou ben ou mal da chola. Verá, o seu fillo estaba mal, pero eu non.

Deus optou pola fórmula que sempre usaba cos pacientes novos e egocéntricos: estudala de arriba a abaixo cun abafallo glacial. A ningún rapaz lle gustaba sentirse xulgado, ao fin e ao cabo. O seu fillo adoitaba odiar aquilo… adoitaba. O sabor do óxido encheulle a boca. Xa estaba ben de parvadas.

—Di no teu historial que fuches tratada de bulimia hai varios anos, Alma. Hai certas lesións na gorxa que co máis mínimo estímulo se poden reabrir e facerche cuspir un chisco de sangue. Non ten a menor importancia.

A cara de Alma tinguiuse cunhas encantadoras pintas vermellas e, azorada, por fin aparentando a súa curta idade, subiu as pernas ao asento e apertounas fronte a ela coma un escudo. Deus reparou en que nin inclinándose tiña tetas. Daba noxo.

—Ten porque teño o diaño no corpo –non lle deixou contraatacar–. Nin te atrevas, macho, nin te atrevas a tragar as túas propias mentiras. Non diante de min. Vexo todo o que tes aí dentro –Deus fixo o aceno de erguerse–. Si, e pártasme a cara ou non, seguirei véndoo.

O pesadelo sabía que Deus estaba a piques de saltar. Podería facer o que fixera o domingo pasado, cando levara o seu pai ao hospital cunha crise antes de matalo, só por xogar un pouco. E sería fácil, ademais, porque, cando pasaba, ela nin sequera estaba; a dor toda derramábase sobre ela sen nunca penetrar. Ah, e o patriarca do matasáns alucinaría! Non podería crelo!

—E é o diaño? Ou un deses demos antediluvianos que o rodean?

O peito enchéuselle de aclamacións e aplausos. «Si que o somos, si que o somos!», vociferou Paimón. «Hai vida intelixente nesa calva despois de todo!». O pesadelo sorriu exultante.

—Sabe que non llo podo dicir! Non se di nunca o nome!

—Por que?

Alma botou a testa cara atrás cun berro burlón ao tempo que batía nos repousabrazos cos puños.

—Pois porque mo sacarían, claro!

—Pero non vés porque queres que cho saquen?

Alma ladeou a cabeza e os grosos rizos derramáronselle sobre unha man.

—E por que carallo ía querer que mo sacasen? Só veño porque o xuíz me obriga.

Endereitouse outra vez e houbo algo inhumano, demasiado fluído, no movemento do seu corpo. Deus encheuse de valor, tomou ar profundamente e preparouse para calquera reacción.

—Ocorréuseche pensar que talvez todo o que sentes non sexa unha besta demoníaca, senón algún dos moitos trastornos mentais que padeces?

Rematouse.

—Coidado, Deus. Esa prepotencia é o que fixo que se aforcase o teu fillo.

Novamente cambiara a voz; agora eran decenas delas, berros e risas, xemidos e blasfemias, e a face daquel pesadelo transformárase sobre os mesmos ósos. Pero, para entón, un terror brutal xa disparara a Deus fóra da cadeira. Nun esforzo titánico, tentou a derradeira estratexia que lle quedaba.

—Alma, é natural que unha moza influenciábel caia neste tipo de fixacións, pero debes comprender que a única responsábel dos teus actos es ti mesma. Ninguén vai culparte de nada do que pasou. Con toda honestidade, comprendo o teu rancor e é perfectamente normal que unha moza co teu percorrido sexual vexa violacións onde non as hai, pero non podes odiar o teu pai por dicir a verdade e porque o xuíz lle dese a razón.

Os ollos negros castigábano dende a cadeira. Estaba demasiado recta…, demasiado quieta. Por un instante

semellou desaparecer dentro dela mesma. Estaba asimilándoo, por fin! Deus sorriu, beatífico.

—Soamente es unha meniña asustada, Alma, pero ti non es demo ningún, querida.

—Non –as voces asubiaban, distorcidas–. Somos tres veces seis. E a túa maldade colgou o teu fillo dunha viga. E cres que podes axudar a rapaza, borracho?

—Alma, non che permito que me saques ese tema –non ía preguntarlle como o sabía; era demasiado fácil–. Se segues insistindo, terás que deixar a consulta.

Alma sentiu as dezaoito bestas escalándolle a gorxa e reptándolle pola lingua. Unha minúscula parte dela, a parte covarde que ela detestaba, axitouse rebelde pola intrusión, repugnada por non ser nada ante algo tan forte, pero Alma deixouna fluír un momento antes de que desaparecese. Podían esnaquizarlle o corpo; estaba máis que preparada. Era demasiado grande como para ter medo.

—Non podes botarnos a todas, porco.

Deus agarrou a botella de colonia e levantouna ameazante. Buscou a porta coa mirada antes de atreverse a camiñar cara a ela, pero o armario da esquina caeu cun terríbel estrondo, bloqueándolle a saída. Deus recuou de novo cara á mesa, suxeitando os bordos coas mans. Aquilo era real. Pero sempre o fora, homiño, sempre o fora.

—Que é isto?

Alma pechou os ollos sorrinte cando o peito se lle botou lánguido cara adiante, o preludio dunha contracción que sempre a enchía de gozo. Oh, entregarse así ao noxo e ao espanto! E entón, ante os ollos húmidos do matasáns, chegou a contracción e foi tan violenta que a cabeza lle bateu contra o respaldo, e logo chegou outra e outra máis, e ela riu eufórica. Máis e máis espasmos para deixar saír as criaturas, tantas que un tremor se mesturaba xa co seguinte sen darlle un respiro. Para cando as bestas falaron, a testa e o longo pelo rubio descolgáranselle ata a cintura.

—Somos a lexión, Deus. Estamos preparándonos.

As liñas, por suposto, non funcionaban e, co despacho insonorizado, non era posíbel sequera chamar a secretaria no cuarto contiguo. Alma debía de estar a ter un violento ataque, quizais epiléptico, pero non había nada no seu informe que o indicase e Deus, rendido, xa só podía ollar para ela encrequenado detrás do escritorio e estudar a alleada testa colgante e o corpo retorcido na cadeira. E esa cara, adormecida tras o forte embate do propio corpo, tiña algo de lúbrico, algo demasiado pracenteiro. Deus vomitou no chan e pechou os ollos, aos pés do que el cría que era o corpo inerte do seu fillo aforcado.

«Mira para nós, homiño, mira o que facemos».

Repelido, limpando a boca, sentiu o corpo da moza endereitándose sobre o asento ata alcanzar unha postura imposible, recta pero co pescozo partido cara a un lado. E respiraba, deus bendito, respiraba! Os risos fixeron tremer o chan ao tempo que aquel monstro escuálido abría a chaqueta. Unha pléiade de mazaduras e queimaduras mordíalle cada centímetro de pel.

—Tranquilo, os golpes non fomos nós, matasáns.

Tiña que falar o seu idioma e, agora que estaba aterrado, sabía que tería fluidez.

—Deixádea falar.

—Non quere –as criaturas estudábano cos ollos negros de Alma–. Leva moito tempo con nós, dende que entramos polas súas feridas.

A cabeza de Alma, case separada dos ombros naquel terríbel ángulo, recolocouse bruscamente en canto o corpo se ergueu da cadeira. E aínda que a cara semellase morta e descolorida, un furor bestial apoderouse de cada un dos seus trazos e a boca reaccionou con cuspidelas. Arre demo, engancháranse a aquela pobre enferma coma parasitos.

—Parasitos, nós? –exclamaron as voces, unhas laiándose, outras maldicindo, e todos os cristais do cuarto tremeron–.

A nena chamounos! Somos nós as que a protexemos do parasito!

Aquel remuíño contraíase e distendíase a tal velocidade que Deus tivo que refuxiarse detrás da cadeira. Por un segundo pensou que a presión ía esnaquizalo en mil anacos, os libros dos estantes, o teclado do ordenador, ata os marcos das fotografías flotaban coma as voces e batíanse caóticas entre si. Cousas e almas bruaban descontroladas. O inferno ascendera, por fin.

—Alma, por favor, para isto!

Unha fenda correu dende o teito ata a alfombra.

—Alma non está aquí! Somos o chorar e o renxer de dentes!

Cando a secretaria á fin logrou abrir a porta do despacho, con media decena de policías detrás, apertou a queixada ben forte ao toparse coa cabeza cortada de Deus chantada na parede e os dentes sobre o escritorio.

* * *

—Daquela bateulle ou non lle bateu, señora?

Sara non se atrevía a erguer a vista cara ao oficial de policía, de modo que intentou centrarse na extensión da mesa de aceiro, porque era tan suave e brillante que tiña algo que a tranquilizaba.

—Xa lle dixen que me bateu… –só podía murmurar, e canto odiaba aquilo.

As mans venosas, o único que podía distinguir do policía sentado fronte a ela, eran tan pesadas coma o ton da súa voz.

—Entón di que lle bateu –Sara oíu a tea do uniforme–. Mire para min.

Sara suspiraría, pero o ar atascóuselle na gorxa en canto o policía enunciou a orde. Totalmente allea ao seu

corpo, devorada polo terror, Sara levantou os ollos cara á cristaleira onde puido ver o seu marido, observándoa de brazos cruzados. Besta noxenta, por que non morría? Libéraa! Resoáronlle voces irrecoñecíbeis na cabeza, pero tamén a súa. E aquilo resultoulle tan liberador que a culpa deseguida a golpeou. O policía agora sinalaba o seu home do outro lado, quen lle botou un sorriso prepotente.

—Di vostede que este home lle bateu, non é así?

Chegáronlle as risas doutros homes e decatouse de que eran outros tres policías que sentaran a escoitar a carón do seu marido. Un deles xesticulaba cara a ela con outro e todo nas súas caras revelaba a actitude do pai que se mofa das trasnadas do seu fillo. Estaban seguros de que acabaría negándoo todo.

Porén, a nova voz do seu cerebro dicíalle que ela nacera para aquilo, e soaba satinada, como tecida con luces e sombras. Sara sentiu coma se a cabeza se lle fose do mundo. O policía tusiu detrás das pálpebras pechadas. Entrou outra voz máis que o chamaba «porco», que dicía que todas elas estiveran aí cando lles puxeran as cadeas, e Sara moveu os ollos tímida, buscando a orixe con medo de que o policía lle dese unha labazada.

—Señora, consumiu vostede algún tipo de substancia antes de vir aquí?

O seu marido asentía detrás do cristal e ría co axente máis novo.

—Non, axente, só un antiinflamatorio para a dor –o policía arqueou as cellas mentres engadía aquel dato ao parte.

Sara bufou, asustada de si mesma.

—Para a dor. Dos golpes?

Un coro de gargalladas diante dela, no cristal espía que o axente non se molestara en activar, pero Sara sentíao ás súas costas tamén. Os ollos xa non lle queimaban nas fazulas, se acaso na caluga. De novo mirando para a mesa, intentou facer o exercicio mental de saltala. Asentiu.

—Daquela insiste vostede en que escriba un parte de agresión.

A voz do principio musitou que non as provocasen e, de súpeto, Sara golpeou a mesa co puño.

—Si, hostias, que poña aí que me bateu!

O axente só rodou os ollos.

—Por favor, señora, non se poña histérica. Non tolero esas actitudes na miña comisaría.

—Pero para que carallo vin eu aquí, logo? –os ollos verdes craváronse nela dende o outro lado do cristal e ela xa estaba farta de atopalos só cando miraba para arriba.

«En verdade vos digo», musitaban solemnes as voces, «que se o teu home te ofende, arríncao. Ollo por ollo, dente por dente».

—Si, axente. O meu marido báteme. E non, non é a primeira vez. Báteme a diario. Batíame cando estaba embarazada. E cando chego á casa do traballo, teño que darlle todo o feixe de billetes que fixen ese mes. Traballo dende hai dez anos e non teño nin un céntimo ao meu nome –oíu gritos ao lonxe, pero algo naquela cara desprezábel e prepotente a botara xa polo precipicio e non era quen de deterse–. E cando apagamos as luces pola noite, teño que durmir cun coitelo debaixo da almofada para que non me monte coma unha puta besta. Unha puta besta, si! Iso é o que é! Que os polis escachen coa risa se queren, pero se non encerran ese animal… –berrou coa man en alto, sinalándoo–, vaime matar! Vaime matar!

Os gritos continuaban na entrada, probabelmente alguén montando bulla no calabozo, e, de feito, un dos axentes de detrás do cristal liscara correndo, pero non o axente que estaba fronte a ela: ese continuaba sereno e, como non, miraba para ela coma se fose unha tarada.

—Señora, por favor, manteña a calma. Se tan grave é a situación, por que o permite vostede?

Sara ía responder, desesperada, cando a porta da sala de interrogatorios se abriu de golpe. Unha criatura irrompeu no cuarto, máis fera ca ser humano, descalza e co longo pelo rubio pegado á cara e ao peito. A Sara subiulle a bile á boca cando a mirou, algo tan cheo de furia que sorbía a alma do corpo. Por un momento, mesmo esquecera a mirada cruel do seu home sobre ela. Afortunadamente, a dema só tiña ollos para o policía do outro lado da mesa.

tradución

O PARASITO EVA

Xulia Sánchez Rodríguez

Primeiro premio

Datos da obra:

Autora: Hideaki Sena
Título: *Parasite Eve*
Lingua de publicación: inglés
Lugar e ano de publicación: Nova York, 2005
Editorial: Vertical

PRÓLOGO

De súpeto, todo esvaeceu diante dos seus ollos.

Kiyomi Nagashima non tiña nin idea do que ocorrera. As casas polas que pasaba cada día reflectíanse no parabrisas un minuto antes. Xusto diante, a rúa tomaba a súa familiar pendente cara abaixo e desviábase lixeiramente cara á dereita, onde un semáforo acababa de cambiar a amarelo…, antes de que lle fallase a visión.

Kiyomi intentou pestanexar, pero a visión non volveu. Non importaba canto se esforzase por recuperala, nada aparecía. Todo desaparecera: a berlina branca que ía conducindo diante dela, a luz traseira do autobús que esperaba na parada, o grupo de rapazas de instituto que se apresuraban ao longo da beirarrúa… En medio da confusión, Kiyomi mirou cara abaixo para revisar o volante, e foi entón cando se sorprendeu de verdade: o volante desaparecera. De feito, nin sequera sabía onde estaban as súas mans. Non era capaz de sentir o cinto ao redor do van nin o pé no acelerador, pois ningún deles estaba onde debería. Só había escuridade abríndose coma un abano, estendéndose sen fin en todas as direccións.

Había unha sensación de axitación ao seu redor e ela flotaba nun líquido viscoso e quente. Estaba espida, a súa roupa desaparecera sen que se decatase.

Outra vez ese soño.

Ese soño que tiña unha vez ao ano, en Noiteboa, no que se sentía retorcéndose de dor nun mundo escuro coma o carbón, sen principio nin fin. Sempre tivera ese estraño

soño, no cal entraba agora unha vez máis. O que non entendía era por que o estaba a soñar xusto agora. Como as órbitas das estrelas, este volvía a ela cunha precisión exacta. Nunca o soñaba outra noite que non fose Noiteboa e xamais entrara nel mentres estaba esperta.

O seu corpo estaba cambiando profundamente. Perdera toda a sensibilidade nos brazos e nas pernas, quizais realmente esvaeceran. Cabeza, cadeiras e tronco desaparecidos, cun corpo longo e estreito, coma o dun verme, así se sentía ela. Kiyomi sacudiuse e escorregou cara adiante a través da negrura lixeiramente pegañenta.

—Que é este lugar?

Era unha pregunta que se fixera moitas veces antes. O seu corpo parecía recordalo, pero non importaba canto o intentase, ela non era quen de lembralo. Unha vez, nalgún lugar afastado, Kiyomi estivera exactamente así, sen entender nada, só retorcéndose e nadando. Ata aí era certo. Fora onte, había uns anos ou nun pasado máis afastado? Non sabería dicilo. Para empezar, non tiña claro que o tempo fluíse nesta inmensa penumbra.

Kiyomi sentiu que o seu corpo cambiaba de novo. Algo pequeno dividiuse lentamente no seu interior. Ao mesmo tempo, sentiu unha suave constrición no seu centro e os extremos do seu corpo fluíron en silencio en direccións opostas.

Estábase convertendo en dous.

Era un sentimento estraño e sosegado. O tempo parecía pasar suavemente, lentamente.

—Onde estou? Cando é isto? Que son?

Estas preocupacións mundanas xa non importaban. Só quería continuar flotando así na escuridade.

Gradualmente, dividiuse en dous. Non había dor. Ao contrario, non sentía nada, o cal lle provocaba alegría. Sedada, sen axitación, dividíndose coma se fose natural. Calma. Todo estaba en calma.

Kiyomi deixou que todos os seus nervios se relaxasen mentres que se entregaba lentamente á corrente…

A súa visión volveu tan inesperadamente como desaparecera. Agora vía claramente as dúas mans agarrar o volante. Kiyomi pestanexou e mirou para diante.

Ía directa cara a un poste telefónico.

PRIMEIRA PARTE
DESENVOLVEMENTO

1

Ata que soou o teléfono aquela mañá, un día normal e tranquilo comezaba para Toshiaka Nagashima.

Ás 8:20, Toshiaka aparcou o seu coche na Escola de Ciencias Farmacéuticas. O aparcadoiro aínda tiña a metade dos sitios libres. Co seu maletín na man, baixou do coche e pechouno. Mirou a Escola de Ciencias Farmacéuticas con indiferenza. O edificio de seis pisos estaba empapado dun gris sombrío baixo o ceo nubrado.

No vestíbulo da entrada, Toshiaki puxo un par de sandalias esterilizadas e colleu o ascensor para ir ao quinto piso. Unhas portas dobres abríronse para revelar un corredor que se estendía en ambas as direccións. Ao fondo á dereita estaba o salón de actos no que impartía a materia de Métodos avanzados en ciencias biofuncionais. Parecía que a maioría do alumnado e do persoal aínda non chegara, pois non se escoitaba nada. Non obstante, as mañás tardías non eran inhabituais. As outras materias de ciencias orgánicas eran bastante diferentes, pois todo o persoal reuníase e os seminarios comezaban ás 8:00. O curso de Toshiaki era unha excepción en que el e os seus compañeiros non

perdían o tempo en atopar fallos nas habilidades de xestión de tempo do seu estudantado e, no seu lugar, insistían en que o importante era que este realizase os experimentos e presentase os datos.

Como simple investigador, Toshiaki facía o esforzo de chegar ás 8:30, pero non era un compromiso que estivese obrigado a cumprir.

Abriu a porta do laboratorio 2, no que se atopaba a súa mesa, prendeu a luz e entrou. Despois de colgar a chaqueta, colocou o maletín ao lado do andel. A noite anterior, o seu alumnado deixara na mesa dous formularios de solicitude de axentes químicos, das encimas de restrición EcoRI e BamHI, concretamente. Toshiaki xuntou os formularios cun clip e cravounos na parede do escritorio.

Púxose a revisar as súas notas do día anterior e empezou a prepararse para o seu experimento. Primeiro saíu do laboratorio e abriu unha porta ao final do corredor que daba á sala de cultivos. O interior da sala estaba impregnado dunha luz violeta esterilizadora, a cal cambiou a unha luz fluorescente normal ao entrar. Colleu dous matraces de cultivo de plástico da incubadora e púxoos no microscopio. Axustou o enfoque e mirou a través das lentes, observando as células do outro lado. Tras asegurarse de que estaba satisfeito co seu estado, devolveu as células á incubadora, sacou algúns utensilios do autoclave e colocounos nunha mesa de traballo limpa.

Toshiaki volveu ao laboratorio e sacou do refrixerador varias probas químicas. Nese momento, entrou Sachiko Asakura, unha estudante de segundo ano de mestrado da que era mentor.

—Bo día –dixo amablemente ao entrar.

Toshiaki devolveulle o saúdo coma un eco.

Asakura quitou a chaqueta, desvelando unha figura cuberta cun xersei branco de verán e uns vaqueiros. Levaba

o seu pelo longo recollido por detrás das costas. Ao sacar o xersei, puxo a bata branca de laboratorio.

Asakura, de case metro setenta e cinco, era bastante alta para ser muller e só un par de centímetros máis baixa ca Toshiaki. Cando pasou xunto a el, saudouno cun sorriso e unha pequena reverencia. A altura de Asakura estaba enormemente acentuada pola súa longa bata e sempre era agradable observar a súa maxestosa figura mentres flotaba polo laboratorio durante un experimento.

Toshiaki informouna de que estaría na sala de cultivos e, tras iso, saíu do laboratorio.

Cando os preparados da cabina de fluxo laminar estiveron listos, sacounos dos matraces de cultivo e empezou a traballar. As células que estaba a empregar, coñecidas como NIH3T3, eran bastante comúns, pero Toshiaki introducira xenes receptores de retinoides nas dun dos matraces. Dous días antes, colocara respectivamente cada cultivo celular nun novo matraz e reproducíraos e, ao día seguinte, engadira unha dose de encimas de β-oxidación nas solucións indicadoras. Para hoxe planeaba recoller información mitocondrial de ambos os cultivos e as súas previsións eran que a actividade das encimas de β-oxidación sería máis alta nas células receptoras da transferencia xenética ca nas células de control.

Xusto cando comezaba co procedemento, recibiron unha chamada.

Toshiaki escoitou o teléfono do laboratorio, pero tiña as mans ocupadas e Asakura estaba alí, polo que deu por suposto que collería ela. Tras soar tres veces, parecía que respondera e, durante uns segundos, a tranquilidade matutina quedou restablecida. Mais, pouco despois, escoitou o repentino eco duns pasos precipitados. Toshiaki seguía traballando, preguntándose a que viría tanta présa e, sen saber moi ben por que, mirou o reloxo de parede. As agullas indicaban que eran exactamente as nove da mañá.

A porta do laboratorio abriuse de golpe.

—Dr. Nagashima, ten unha chamada urxente.

Ao levantar lentamente a mirada, viu a cara de Asakura na porta. Tremíalle un pouco a boca.

—Chaman do hospital. É-é pola súa muller, tivo un accidente.

—Que?

E púxose en pé.

2

As rúas que rodeaban o Hospital Universitario estaban conxestionadas con fileiras de coches de doentes externos que desbordaban a vía pública. Incapaz de reprimir a súa impaciencia, Toshiaki tocou con furia a bucina.

A persoa que chamara era do persoal de urxencias. Kiyomi ía conducindo o seu coche cando, de súpeto, se saíra nunha curva e chocara contra un poste telefónico. Sufrira un impacto potencialmente mortal na cabeza e, tendo en conta a gravidade do accidente, non parecía que intentase frear. Toshiaki preguntara polo lugar onde ocorrera, só para descubrir que se trataba dunha vía principal que el tamén usaba. Era unha rúa na que non era difícil ir rápido, pero a súa visibilidade sen obstáculos convertíaa en calquera cousa menos perigosa.

—Merda! –berrou mentres xiraba bruscamente o volante, saíndo do carril central e xirando en U.

As bucinas dos coches soaban alborotadamente, pero non lles prestou atención. Deu a volta ata a entrada traseira do hospital, entrou a un aparcadoiro reservado para o persoal e precipitouse cara ao interior a través dun peirao de carga. Polo camiño conseguiu agarrar unha enfermeira que pasaba por alí e preguntarlle onde estaba a sala de urxencias.

Toshiaki corría o máis rápido que podía, cos seus zapatos de coiro facendo ruído sobre o chan de linóleo, pero o corredor parecía interminable. Respiraba entrecortadamente e susurraba o nome de Kiyomi coa pouca enerxía que lle quedaba. Torceu á dereita e, coas présas, case choca cunha anciá á que conseguiu esquivar no último momento, e seguiu correndo polo andadeiro abaixo.

Non o podía crer. Que pasaría? Non sorrira Kiyomi como todas as mañas? Toshiki pensou no almorzo. Tomaran ovos fritidos con peixe e sopa de miso con tofu, o cal non era nada estraño. Era un almorzo totalmente rutineiro, o cal daba a entender que quería seguir coa súa vida como ata o momento. Todo era moi repentino.

Saíran xuntos esa mañá, Kiyomi en dirección á oficina de correos no seu coche novo, un compacto de segunda man que mercara había medio ano porque o precisaba para facer a compra. Gustábanlle as cousas riquiñas e cativáraa a súa cor vermella.

—Desculpe, é vostede familiar de Kiyomi Nagashima?

Toshiaki recuperou folgos. Unha enfermeira de mediana idade achegárase correndo e mirábao á cara. Toshiaki aclarou a gorxa, tragou e musitou unha resposta afirmativa.

—Kiyomi-san está en estado crítico –explicou a enfermeira–. Cando a trouxeron tiña unha hemorraxia grave e non respiraba.

Toshiaki pasou ao seu carón e sentou nun sofá do corredor. Mirou a enfermeira confuso, incapaz de asimilar o que lle acababa de dicir.

—Poden salvala?

—Levárona directamente a quirófano para tratala de urxencia, pero o seu estado é moi grave… Aconsellaríalle que avisase a súa familia.

Toshiaki soltou un berro.

Os pais de Kiyomi chegaron ao mesmo tempo. O seu pai dirixía unha clínica cirúrxica nun antigo barrio de vivendas próximo e vivía a carón do seu traballo, a só uns quilómetros do Hospital Universitario.

Os seus rostros estaban pálidos. O pai de Kiyomi preguntoulle a Toshiaki como se atopaba a súa filla e, ao coñecer o seu estado crítico, tragou saliva, pechou os ollos e caeu no sofá.

A nai de Kiyomi, normalmente un exemplo de postura inquebrantable, atopábase moi alterada e ocultaba o seu rostro detrás dun pano de man mentres lle lanzaba gritos de angustia a unha enfermeira que estaba cerca. Toshiaki miraba sen comprender a figura encurvada da súa sogra. Non o esperaba, pero deuse de conta de que, pese a todo, os pais de Kiyomi eran humanos.

Cando fora á casa de Kiyomi por primeira vez, Toshiaki saíra coa impresión de que eran unha familia tranquila e elegante que sorría, bebía té e gozaba da compañía do resto rodeada por mobles caros. O seu pai era un home fácil de tratar e de confianza e á súa nai, a pesar de que era reservada, nunca lle faltaba un sorriso na cara. Sempre pensou que eran unha familia perfecta, coma esas que se ven na televisión. Facíaselle difícil imaxinar a parella que tiña nese momento ante el, coas emocións a flor de pel, como as persoas tranquilas e agradables ás que estaba acostumado.

—Tranquilízate –instoulle o sogro de Toshiaki á súa muller, sen ser capaz de ocultar o tremor na súa voz.

Ela xirouse sobresaltada, cos ollos moi abertos, e apoiou o seu corpo quebrado no do seu home mentres saloucaba.

Era ben pasado o mediodía, pero non tiñan fame. Trasladáronse á sala de espera por suxestión da enfermeira e sentaron mirando de forma distraída un reloxo. A enfermeira achegábase de cando en vez para poñelos ao día. Conseguiran restablecer a función respiratoria de Kiyomi

tras realizar masaxes cardíacas, pero atopábase conectada a un respirador porque non lograra alentar con normalidade. Despois de facerlle varias TAC, trasladárana á UCI.

Tras trinta interminables minutos de espera, apareceu un médico e levantáronse do sofá. O home levaba lentes e tiña unha aura de fraxilidade. Era novo, de trinta e poucos anos, pero as súas faccións parecían esculpidas e tiña unha mirada bondadosa. Toshiaki tivo un bo presentimento sobre el. O médico presentouse como especialista en cirurxía cerebral e, xirándose cunha actitude case desafiante cara a eles, explicoulles todo nun ton totalmente sincero.

—Kiyomi-san sufriu unha hemorraxia cerebral grave. Tan pronto como chegou, operámola do cerebro e intentamos reanimar tanto o corazón coma os pulmóns. Neste momento respira coa axuda dun respirador mecánico, xa que perdeu a capacidade de facelo por si mesma. Seguiremos medicándoa con estimulantes cardíacos e vixiándoa de cerca, pero agora mesmo atópase nun coma profundo. Lamento ter que dicirlles isto, pero todo indica que vai camiño da morte cerebral…

A nai de Kiyomi escondeu a cara entre as mans para afogar o berro de dor que lle escapou da boca como un estraño *ah*.

POESÍA

Meniña
[Natalia Otero Oubiña]

Cando soan as trompetas
[Olivia Lens Priegue]

Agora que comezamos a despedirnos
[Virxilio Rodríguez Vázquez]

RELATO CURTO

O Marcos e a conquista
[Fabio Rivas]

A posuída
[Allison Eudoxia Iglesias Alonso]

TRADUCIÓN

O parasito Eva
[Xulia Sánchez Rodríguez]

1396107
ISBN 978-84-1110-403-6
9 788411 104036

XERAIS
Universidade Vigo
XUNTA DE GALICIA